

centro dramático galego

CDG: XXV ANOS

parte de ti



centro
dramático
galego

Programación xaneiro - marzo 2009

Dossier de prensa



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais



SALONTEATRO

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

temporada 2008-2009

CDG: XXV ANOS

parte de ti

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.org

Comunicación. AGADIC
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.agadic@xunta.es

www.agadic.info

Programación do Salón Teatro (xaneiro - marzo 2009)

Xaneiro					
Día	Hora	Espectáculo	Compañía	Xénero	Páx.
Xoves 8	20.30	<i>Noite de Reis</i>	CDG	Teatro	6
Venres 9	20.30	<i>Noite de Reis</i>	CDG	Teatro	6
Sábado 10	20.30	<i>Noite de Reis</i>	CDG	Teatro	6
Domingo 11	18.00	<i>Noite de Reis</i>	CDG	Teatro	6
Mércores 14	11.00	<i>Noite de Reis</i>	CDG	Teatro (F. escolar)	6
Xoves 15	11.00	<i>Noite de Reis</i>	CDG	Teatro (F. escolar)	6
Venres 16	20.30	<i>Noite de Reis</i>	CDG	Teatro	6
Sábado 17	20.30	<i>Noite de Reis</i>	CDG	Teatro	6
Domingo 18	18.00	<i>Noite de Reis</i>	CDG	Teatro	6
Mércores 21	11.00	<i>Noite de Reis</i>	CDG	Teatro (F. escolar)	6
Xoves 22	11.00	<i>Noite de Reis</i>	CDG	Teatro (F. escolar)	6
Venres 23	20.30	<i>Noite de Reis</i>	CDG	Teatro	6
Sábado 24	20.30	<i>Noite de Reis</i>	CDG	Teatro	6
Domingo 25	18.00	<i>Noite de Reis</i>	CDG	Teatro	6
Mércores 28	11.00	<i>Noite de Reis</i>	CDG	Teatro (F. escolar)	6
Xoves 29	11.00	<i>Noite de Reis</i>	CDG	Teatro (F. escolar)	6
Venres 30	20.30	<i>Noite de Reis</i>	CDG	Teatro	6
Sábado 31	20.30	<i>Noite de Reis</i>	CDG	Teatro	6

Febreiro					
Día	Hora	Espectáculo	Compañía	Xénero	Páx.
Xoves 5	20.30	Circo en escena: <i>Malgama</i>	Varuma teatro	Circo - Flamenco	7
Venres 6	20.30	Circo en escena: <i>Malgama</i>	Varuma teatro	Circo - Flamenco	7
Sábado 7	20.30	Circo en escena: <i>Contigo</i>	O último momento	Circo - Danza contemp.	8
Domingo 8	18.00	Circo en escena: <i>Contigo</i>	O último momento	Circo - Danza contemp.	8
Sábado 14	20.30	Circo en escena: <i>As vingadoras</i>	Maquinaria pesada	Circo - Clown	9
Domingo 15	18.00	Circo en escena: <i>As vingadoras</i>	Maquinaria pesada	Circo - Clown	9
Xoves 19	20.30	Circo en escena: <i>Ieto</i>	Ieto	Circo - Danza acrobática	9
Venres 20	20.30	Circo en escena: <i>Ieto</i>	Ieto	Circo - Danza acrobática	9
Domingo 22	22.00	Festival Sinsal. Extensión Salón Teatro: <i>Jeremy Jay</i>		Música	12

Marzo

Día	Hora	Espectáculo	Compañía	Xénero	Páx.
Venres 6	21.00	<i>As dunas</i>	CDG	Teatro	13
Sábado 7	20.30	<i>As dunas</i>	CDG	Teatro	13
Domingo 8	18.00	<i>As dunas</i>	CDG	Teatro	13
Mércores 11	11.00	<i>As dunas</i>	CDG	Teatro (F. escolar)	13
Xoves 12	11.00	<i>As dunas</i>	CDG	Teatro (F. escolar)	13
Venres 13	20.30	<i>As dunas</i>	CDG	Teatro	13
Sábado 14	20.30	<i>As dunas</i>	CDG	Teatro	13
Domingo 15	18.00	<i>As dunas</i>	CDG	Teatro	13
Mércores 18	11.00	<i>As dunas</i>	CDG	Teatro (F. escolar)	13
Xoves 19	20.30	<i>As dunas</i>	CDG	Teatro	13
Venres 20	20.30	<i>As dunas</i>	CDG	Teatro	13
Sábado 21	20.30	<i>As dunas</i>	CDG	Teatro	13
Domingo 22	18.00	<i>As dunas</i>	CDG	Teatro	13
Mércores 25	11.00	<i>As dunas</i>	CDG	Teatro (F. escolar)	13
Xoves 26	11.00	<i>As dunas</i>	CDG	Teatro (F. escolar)	13
Venres 27	20.30	<i>As dunas</i>	CDG	Teatro	13
Sábado 28	20.30	<i>As dunas</i>	CDG	Teatro	13
Domingo 29	18.00	<i>As dunas</i>	CDG	Teatro	13

Abril

Día	Hora	Espectáculo	Compañía	Xénero	Páx.
Mércores 1	11.00	<i>As dunas</i>	CDG	Teatro (F. escolar)	13
Xoves 2	11.00	<i>As dunas</i>	CDG	Teatro (F. escolar)	13
Venres 3	20.30	<i>As dunas</i>	CDG	Teatro	13
Sábado 4	20.30	<i>As dunas</i>	CDG	Teatro	13
Domingo 5	18.00	<i>As dunas</i>	CDG	Teatro	13

Índice por espectáculos

Teatro - REPOSICIÓN

Noite de Reis. Ou o que queirades

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (Galicia)

Do 8 ao 31 de xaneiro

Venres e sábados ás 20.30 horas e domingos ás 18.00 horas; mércores e xoves, funcións para escolares ás 11.00 horas

CICLO CIRCO EN ESCENA

Circo - Flamenco

Malgama

VARUMA TEATRO (Andalucía)

Xoves 5 e venres 6 de febreiro ás 20.30 horas

Circo - Danza contemporánea

Contigo

O ÚLTIMO MOMENTO (Portugal)

Sábado 7 de febreiro ás 20.30 e domingo 8 ás 18.00 horas

Circo - *Clown* ESTREA

As vingadoras

MAQUINARIA PESADA (Galicia)

Sábado 14 de febreiro ás 20.30 horas e domingo 15 ás 18.00 horas

Circo - Danza acrobática

Ieto

COMPAÑÍA IETO (Francia)

Xoves 19 e venres 20 de febreiro ás 20.30 horas

Música

FESTIVAL SINSAL. EXTENSIÓN SALÓN TEATRO

Jeremy Jay (Estados Unidos)

Domingo, 22 de febreiro ás 22.00 horas

Teatro - ESTREA

As dunas

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (Galicia)

Do 6 de marzo ao 5 de abril

Venres e sábados ás 20.30 horas e domingos ás 18.00 horas; mércores e xoves, funcións para escolares ás 11.00 horas

Teatro - REPOSICIÓN

■ *Noite de Reis. Ou o que queirades*

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (Galicia)

Do 8 ao 31 de xaneiro

Venres e sábados ás 20.30 horas e domingos ás 18.00 horas; mércores e xoves, funcións para escolares ás 11.00 horas

Autoría: William Shakespeare

Dirección: Quico Cadaval

Elenco: Suso Alonso, María Bouzas, Xan Cejudo,

Marcos Correa, Susana Dans, Borja Fernández, Anabell Gago, Bernardo

Martínez, Víctor Mosqueira, Simone Negrín, Xosé Manuel Olveira (*Pico*),

Ramón Orencio e Marcos Orsi



Sebastián e Violeta, irmáns xemelgos, naufragan ante a costa de Iliria. Violeta consegue chegar case sen vida á praia. Ela cre que Sebastián morreu. Vestida de home e facéndose pasar por un paxe novo co nome de Cesario, pasa a servir na corte do duque Orsino, que está "poética, apaixonada e desesperadamente namorado" da aflixida Lady Olivia, que o rexeita continuamente. Orsino utiliza a Cesario como confidente e como mensaxeiro para declararlle o seu amor a Olivia, pero Cesario - Violeta, en realidade - comeza a namorarse de Orsino mentres que Olivia, pola súa parte, se namora do mensaxeiro, que é Cesario.

Namentres, Malvolio, servidor de Olivia, perseguirá o amor da súa ama e, a causa dunha confusión amañada, crerase correspondido, producíndose unha serie de situacións hilarantes que o levaran case a entolecer. Ao mesmo tempo, Antonio, capitán de barco, consegue rescatar do mar a Sebastián. Ambos desembarcan en Iliria. A presenza de Sebastián na cidade será o comezo da fin do enredo. Os malentendidos e cruzamentos de parellas avivados por Festas (bufón da corte de Orsino) enganando a André (burgués que tamén pretende a Olivia) e burlando a Malvolio resolveranse finalmente.

CICLO CIRCO EN ESCENA

O Salón Teatro acolle a primeira edición do ciclo Circo en Escena, unha iniciativa pioneira en Galicia que ofrecerá aos afeccionados ao xénero a oportunidade de gozar de diferentes e recoñecidas propostas actuais que se desenvolven en todo o mundo.

Un total de catro compañías procedentes de Andalucía, Portugal, Francia e Galicia amosarán a fusión do novo circo con diferentes disciplinas artísticas (como son o flamenco, a danza contemporánea e acrobática ou o teatro) diversificando as formas de expresión e a súa linguaxe.

Trátase, sen dúbida, de propostas arriscadas e innovadoras, fóra dos circuitos convencionais, que dan a coñecer catro maneiras distintas de entender o espectáculo circense.

Circo - Flamenco

■ *Malgama*

VARUMA TEATRO (Andalucía)

Xoves 5 e venres 6 de febreiro ás 20.30 horas

Dirección e guión: Jorge Barroso, *Bifu*

Elenco: Antonia Gómez (actriz), Alberto López (actor), Rubén Barroso, *Mini* (mestre de cerimonia), Enric Petit (artista circense), Judith Mata (bailarina e artista circense), Eloísa Cantón (músico), Javier Mora (músico) e Mónica Muñoz (soprano).



Malabaristas que rouban os lunares dun traxe de flamenca para xogar con eles e botalos ao compás mentres se desenvolve un espectáculo de canto e de baile, unha *bailaora* coa súa bata de cola suspendida no aire compartindo escenario cun acróbata ou pallasos *por peteneras*, que segundo a lenda traen mala sorte, son algúns dos números deste espectáculo onde se dan a man o circo contemporáneo, a música en directo e o flamenco.

Esta ampla mostra é unha amálgama que xoga co nome da obra e do seu protagonista, *Malgama*, un personaxe que padece a eterna insatisfacción de non sentirse completo porque lle falta o “a” do amor e da amizade. Ao longo do espectáculo acompañamos a *Malgama* nunha viaxe iniciática na procura do motor que o conduza a evolucionar, o pulo que lle dará sentido á súa vida. E é que moitas veces buscamos no exterior o que só podemos encontrar no noso propio interior.

A compañía

Fundada baixo a dirección de Jorge Barroso, Varuma Teatro comeza a súa andaina en 1999 dentro do Colectivo Sevillano de Artes Escénicas, Pi 3'14. No seus inicios a formación centra a súa actividade no teatro de rúa, abríndose máis tarde á posibilidade de crear un grupo polivalente onde as disciplinas circenses se puidesen mesturar con

actores, bailaríns, acróbatas, danza vertical, etc. O resultado foi moi innovador pois a idea integradora e de fusión das devanditas disciplinas era bastante nova en Andalucía.

En 2004 incorpóranse a Varuma Teatro Alberto López (actor e especialista en danza vertical) e Antonia Gómez (actriz e directora teatral), e con eles a compañía aséntase no obxectivo que perseguía desde a súa creación, conseguindo nos seus últimos espectáculos unha linguaxe máis acertada e estable.

A compañía traballa campos tan diferentes como son o *clown*, danza (vertical, contemporánea, clásica), música, malabares, trapecio fixo, corda fixa, monociclo, zancos, *Commedia dell'Arte*, pantomima, acrobacia, etc. En definitiva, todo o relacionado coas artes escénicas e circenses.

Circo - Danza contemporánea

■ *Contigo*

O ÚLTIMO MOMENTO (Portugal)

Sábado 7 de febreiro ás 20.30 e domingo 8 ás 18.00 horas

Concepto e dirección: Rui Horta e João Paulo P. dos Santos

Coreografía: Rui Horta

Elenco: João Paulo P. dos Santos



Estreado en 2006 no Festival de Aviñón, no ámbito do programa “Le Sujet à Vif”, *Contigo* é un espectáculo nacido do encontro entre dous artistas portugueses: o coreógrafo Rui Horta e o acróbata do mastro chinés João P. Pereira dos Santos. A danza contemporánea e o novo circo fúndense nunha linguaxe común onde as fronteiras entre estas dúas disciplinas artísticas parece non existir. O escenario está apenas ocupado por algúns obxectos, un mastro chinés, un tótem que marca fatalmente ese espazo e lanza un desafío vertical. Un corpo responde a ese mesmo desafío, á vertixe, ao risco e á posibilidade de caer.

Segundo o coreógrafo Rui Horta, “o encontro con João Paulo Santos foi das experiencias artísticas máis gratificantes dos meus últimos tempos. Encontro artístico e humano, a facilidade na fusión das nosas linguaxes artísticas específicas e a fluidez do discurso encontrado son o reflexo dunha complicidade que entre nós se estableceu desde o primeiro momento. Traballar con João fainos crer en moitas cousas importantes: na perseveranza, na coraxe individual e, sobre todo, na sinceridade do intérprete, indisoluble da integridade do individuo”.

A compañía

João Paulo Pereira dos Santos leva desde os 15 anos desafiando a gravidade entre o chan e o aire. Iniciou a súa formación en artes circenses en Lisboa (no Chapit) en 1996, onde concluíu o Curso de Artes da EPAOE (Escola Profissional de Artes e Ofícios do Espectáculo) en 1999. Posteriormente estudou na Escola de Artes do Circo de Rosny (Francia) e formou parte da compañía Le Cheptel Aleïkoum, que reuniu os artistas

formados na 15ª edición do curso do Centro Nacional das Artes do Circo de Châlons en Champagne (2001-2003) no espectáculo *LeCirqLe*, baixo a dirección de Roland Shön. Participou igualmente como intérprete en *Oceanos e Utopias*, dirixido por Philippe Genty (1998) e en *Ring*, coreografía de Félix Ruckert (2002). Coa súa compañía O Último Momento creou *Peut-tre* co músico Guillaume Dutrieux, espectáculo que foi seleccionado para Jeunes Talents Cirque (2004), así como a peza curta *Voar* (2005).

Circo-Clown ESTREA

■ *As vingadoras*

MAQUINARIA PESADA (Galicia)

Sábado 14 de febreiro ás 20.30 horas e domingo

15 ás 18.00 horas

Dirección: John Wright

Elenco: Marian Bañobre e Isabel Risco



As actrices Marian Bañobre e Isabel Risco estrean *As vingadoras*, o seu novo proxecto común. Trátase dun espectáculo de *clown* baseado na serie televisiva inglesa dos anos 60 *Os vingadores* e que supón o primeiro espectáculo da recentemente constituída compañía Maquinaria Pesada.

Algo cheira a podre aí fóra, haberá que investigar e enfrontarse a quen ou ao que sexa. Coa súa preparación e coñecementos, as astutas Emma e Pili, unha vez máis, resolverán un caso de máxima importancia para a sociedade galega. Este tándem é convocado outra vez pola nai para resolver un novo enigma, cal será desta volta? Que aventuras as agardan? Sairán airosas deste novo reto? Sobrevivirán? Supervivirán?...

A compañía

Maquinaria Pesada xorde da iniciativa dun pequeno grupo de persoas cun interese común: o de intentar entreter co seu traballo. Aínda que polo momento a súa traxectoria como entidade non é moi ampla, os seus compoñentes veñen traballando xuntos desde hai case 10 anos no eido teatral fundamentalmente.

Circo - Danza acrobática

■ *Ieto*

IETO (Francia)

Xoves 19 e venres 20 de febreiro ás 20.30 horas

Creación colectiva baixo a dirección de Christian Coumin

Elenco: Jonathan Guichard e Fnico Feldamn

Espectáculo premiado en Jeunes Talents Cirque

Europe 2008



Jonathan Guichard e Fnico Feldam, funámbulo e acróbata, forman a compañía Ieto, unha proposta de danza acrobática contemporánea, chea de ideas e creatividade, que investiga a expresividade corporal pero tamén o espazo e os elementos escénicos.

Durante o transcurso do espectáculo, a complicidade lúdica entre os dous artistas salta á vista; un dos personaxes, de forte concentración, contrasta coa figura do outro, de espontánea intelixencia e tranquila indiferenza. Ante si teñen sete enormes táboas de corenta quilos cada unha, dúas ou tres barras, unha corda, algunhas cuñas... e con elas fan construcións e estadas e xogan cos contrapesos, as suspensións e os desequilibrios, ata chegar ao momento de emprenderen a travesía polo baleiro sobre o cable tendido, entre cuxo silencio xorde o renxer da madeira sometida a esforzos. Unha actividade de risco artístico e físico de gran complexidade técnica que nos fai conter a respiración.

O primeiro que salta á vista é a súa complicidade lúdica. O xesto respira e fai de vehículo para o seu gozo. Divírtense inventando sarillos acrobáticos nos que se entretecen, sorprenden e pelexan. Pero é sempre de mentira, de broma, e así e todo conseguen facelo cunha pericia e unha intelixencia moi afinadas. Os seus movementos nunca resultan forzados, e os seus encadeamentos son tan fluídos que lles permite unirse unha e outra vez sen parar.

Como resulta evidente, esta convivencia e este gozo darán as primeiras pistas da historia que nos espera. Só nos decataremos despois do que os diferencia: a flegma dun deles vese respondida pola inquedaanza enfermiza do outro. Sen procurar unha caricatura esaxerada dos seus trazos, a súa relación vai desenvolverse sen dúbida mediante o seu xeito espontáneo de vivir as cousas de xeito diferente. O desasosiego dun serve para amplificar a indolencia do outro, e só cando están xuntos adquiren toda a súa forza, levándonos a un pracenteiro absurdo nunha absurda irrealidade de inesperados movementos.

Ao cabo, o público descobre cando chega o momento en que abandonan o escenario que xa non sabe que foi o que lle deu tanto gusto. A aparente futilidade da súa disputa acrobática alcánzanos de cheo. Eles non parecen ter conciencia do inútil dos seus esforzos nin do cómica que resulta a súa liorta. Nada ten sentido, e iso dálle máis valor.

A compañía

Ieto constituíuse en 2006 tras unha estancia na Ferme du Riu Ferrer que desembocou na realización do número *Serre les coudes* (Bótame unha man). Compónena dous artistas de circo, un músico e un encargado de iluminación e son.

Jonathan Guichard é un funámbulo que xurdiu do Centro Nacional das Artes Circenses francés en 2005 co espectáculo *KILO* e participou na creación do espectáculo *ZOOO*. Fixo números de funambulismo en varias ocasións, por exemplo en 2006 co circo Romanès e en 2007 co circo peruano La Tarumba. Paralelamente, imparte clases de funambulismo profesional no Lido.

Fnico Feldmann é un acróbata que fixo un curso para afeccionados no Lido mentres levaba a termo a licenciatura de Ciencias e Técnicas das Actividades Físicas e Deportivas. Foi docente no Lido durante cinco anos, participou durante dous anos no curso de acrobacias e fixo prácticas en La Grainiere e con Les Pronomades. A partir de 2003 fíxose profesional coa compañía Les Renversés, que funda con outros dous artistas circenses. En 2006 participou na creación do espectáculo *Les R ves oubliés* (Os soños esquecidos), realizado pola compañía La Baraque e coreografado por Elisa Martín Pradal.

Cyril Malivert licenciouse en Informática de Xestión e matriculouse no curso preparatorio do Lido para especializarse en iluminación. Traballou con varias compañías circenses como Avis de Temps, Prêt à Porter, Le Petit Travers, Tibo Tout Court ou Avisto. Paralelamente imparte cursos para afeccionados en escolas de circo e en medios académicos.

Maxime Denuc é compositor de música electrónica. Tras recibir formación en piano clásico, descubriu a música electrónica e os seus procesos creativos. Aprendeu a compoñer de forma autodidacta e despois uniuse ás clases de electroacústica de Bertrand Dubedour no Conservatorio de Toulouse. En 2004 creou *4 au Cube* (4 ao cubo) coa compañía Les Renversés, e no ano seguinte formou o dúo de música electrónica Messirdee. Na actualidade forma parte da compañía Ieto, traballa en diversos proxectos musicais e realiza instalacións interactivas baseadas na música e o movemento.

FESTIVAL SINSAL. EXTENSIÓN SALÓN TEATRO

O Salón Teatro acolle a terceira edición da extensión en Compostela do Festival Sinsal, un encontro de referencia en Galicia para a música contemporánea máis vangardista. O escenario que xestiona o Centro Dramático Galego (CDG) continúa así co seu labor de difusión das expresións escénicas actuais, desde unha perspectiva multidisciplinar e integrada.

Fundado na cidade de Vigo en 2003, o Festival Sinsal aposta polos sons contemporáneos, as propostas populares e os proxectos máis arriscados do panorama musical internacional. Tamén serve de plataforma para presentar proxectos menos coñecidos pero de igual importancia artística e outros traballos relacionados co fenómeno sonoro. O certame desenvólvese ao longo de todo o ano cunha estrutura estacional, cunha programación definida para cada inverno, primavera, verán e outono.

Música

- **Jeremy Jay (Estados Unidos)**
Domingo 22 de febreiro ás 22.00 horas

Romántico, sofisticadamente retro, seductoramente ambiguo. Así soa o debut de Jeremy Jay, *A place where we could go*, cálida e nocturna tobeira de emocións incandescentes e de pop, moito pop.



Dez cancións que son ademais unha escapada cinematográfica á mente dunha persoa moi singular. O disco xorde a medio camiño entre a ficción e a realidade, explorando a opacidade profunda dunha actitude, a de quen mantén un idilio coa vida en si e para si, sen a xente, sen as cousas que se amorean en cada recanto: un mundo propio. Este universo ben pode asemellarse a un conto de fadas ou, se acaso, ficar alumeado polas luces da rúa. Pero sempre será un acubillo seguro para o tenteo de soños. Se pechas os ollos e pensas nas vastas paisaxes onde habitan as conmovedoras personaxes do cineasta John Hugues, tamén has escoitar a Jay bailando, cantando e tocando a guitarra. *A place where we could go* é a copia en formato físico dunha fascinante nova personaxe, eminentemente contemporánea, equidistante de David Bowie e Buddy Holly.

Teatro - ESTREA

As dunas

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (Galicia)

Do 6 de marzo ao 5 de abril

Venres e sábados ás 20.30 horas e domingos ás 18.00 horas; mércores e xoves, funcións para escolares ás 11.00 horas

Autoría: Manuel Lourenzo

Dirección: Quico Cadaval

Elenco: Evaristo Calvo, Manolo Cortés, Susana

Dans, Cristian Escuredo, X. Carlos Mosquera (Mos), Iria Piñeiro, Rodrigo Roel e Davide Salvado

Espazo escénico e iluminación: Baltasar Patiño

Figurinos: Gilda Bonpresa

Coreografía: Armando Martén



Unha viaxe pola Mariña luguesa da man dunha tropa estrafalaria. Músicos, danzantes e cantores concentrados nunha vella nave industrial en desuso, a ensaiaren números musicais para un spa que vai ser a revolución da zona. Jazz e funaná, amor, explotación e aventura na raia costeira da Mariña oriental, de Barreiros á Ponte dos Santos.

Un cabaré sobre o paraíso perdido. A paisaxe sinxela da infancia destruída, ironicamente, polo paraíso en cápsulas que é o turismo. A destrución do rostro dun país como unha catástrofe de cirurxía plástica, a ruína sentimental escenificada coralmente por un grupo de homes e de mulleres que procuran o amor sobre unha onda de cemento.

Manuel Lourenzo, dramaturgo residente do CDG nesta temporada

Manuel Lourenzo é un dos grandes nomes propios das artes escénicas galegas, como pon de manifesto o Premio Nacional da Cultura Galega que recibiu o pasado mes de xuño. Contribuíu amplamente a conformar un teatro galego maduro e independente, a través das súas múltiples facetas que abranguen case todos os campos: autor, director, actor, tradutor, teórico, conferenciante, fundador de varias compañías, editor de coleccións literarias e profesor.

Nado en Ferreira do Valadouro en 1943, con vintedous anos creou xunto a Francisco Pillado o Grupo de Teatro O Facho, co que dá os seus primeiros pasos o teatro independente galego. Sucesivamente fundaría outros grupos e compañías: Teatro Circo (1967), Escola Dramática Galega (1978), Compañía Luís Seoane (1980), Elsinor Teatro (1990) e Compañía Casahamlet, que rexenta na actualidade.

Ademais de varios traballos para a radio, a televisión e o cinema, coordinou xunto con Francisco Pillado varias publicacións, como os Cadernos da Escola Dramática Galega, o Caderno do Espectáculo da Compañía Luís Seoane, Castrodouro-Teatro, Elsinor-Teatro e na actualidade a Revista Casahamlet. Ambos son autores tamén de varios estudos sobre a historia da dramaturxia galega, como *O teatro galego* (1979), *Antoloxía do teatro galego* (1981) e *Dicionário do teatro galego* (1987).

Lourenzo é autor de máis de cincuenta obras dramáticas, entre as que se atopan *Traxicomedia do vento de Tebas namorado dunha forza*, *As criadas*, *Defensa de Helena*, *Electra*, *Últimas faíscas de setembro*, *Veladas indecentes* e *Insomnes*. Verqueu ao galego pezas dos clásicos gregos e de autores como Goethe, Büchener, Fassbinder e Heiner Müller e levou a escena a dramaturgos como Sófocles, Eurípides, Puschkin, Chekov, Strindberg, Brecht e Genet, e a autores galegos como Castelaio, Cunqueiro, Otero Pedrayo, Euloxio R. Ruibal, Xesús Pisón, etc.

O seu labor como escritor e director teatral foi recoñecido con máis dunha vintena de premios, entre os que se atopan o Premio Abrente, o Facho de poesía, o Celso Emilio Ferreiro de Poesía, o premio do Festival Internacional de Teatro de Ribadavia ao mellor director, o Rafael Dieste en dúas ocasións, o Premio Nacional de Literatura Dramática e o Pedrón de Ouro.

Quico Cadaval, o gran contador de historias

Actor, director e adaptador teatral, foi o impulsor do movemento de contacontos xurdido en Galicia na década dos noventa. Aprendeu a contar contos desde moi neno grazas a unhas vellas que se encargaron de transmitirle historias, e tamén grazas ás persoas, da máis variada índole, que pasaban pola taberna da súa nai.

Nado en Ribeira en 1960, comezou na interpretación teatral a finais dos setenta no Centro Dramático Galego, dirixindo as pezas *Como en Irlanda* (1996) e *O ano do cometa* (2004). A mediados dos oitenta, funda a súa propia compañía, O Moucho Clerc.

Na súa faceta de dramaturgo produciu os textos *Un códice clandestino*, unha dramaturxia dos poemas medievais galaico-portugueses, *O rouxinol da Bretanha* sobre BD de Hugo Pratt, *A caza do snark*, sobre o poema de Lewis Carrol, *Se o vello Simbad volveuse ás illas* e *O ano do cometa*, ambos os dous dos romances homónimos de Álvaro Cunqueiro, *Rapatú*, do conto popular europeo *A sogra do diablo*, ou *Espantoso!!!*, que foi premiado co María Casares ao mellor texto orixinal do teatro galego en 2002.

Traballou en diferentes producións da TVG, así como en curtas e longametraxes. Continúa a traballar no audiovisual como actor e como guionista. Foi profesor de interpretación de "Operação Triunfo" (Portugal, 2003).

Recibiu o Premio María Casares 2007 á Mellor Dirección por *Noite de Reis. Ou o que queirades* (CDG).

Temporada de abono

Coa posta en marcha da actividade no Salón Teatro ábrese tamén a temporada de abono. Durante o segundo ciclo da programación, estará a disposición do público o Bono de Inverno válido para adquirir catro localidades para asistir a outras tantas funcións a produción do CDG *As dunas*, máis outros tres espectáculos a escoller por un prezo total de 20 euros.

O bono implica un aforro do 50% sobre o prezo xeral e pódese adquirir na billeteira do Salón Teatro.

Avance da programación (abril - xuño 2009)

Teatro contemporáneo - ESTREA

ECO

IVÁN MARCOS EN COPRODUCCIÓN CO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

(Galicia)

17,18 e 19 de abril

Teatro

Celebración dos 20 anos de Teatro do Morcego

TEATRO DO MORCEGO EN COPRODUCCIÓN CON SEIVA TROUPE E A COLABORACIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (Galicia/Portugal)

Do 20 de abril ao 1 de maio

Música

Festival Sinsal. Extensión Salón Teatro

Abril e maio

Teatro - ESTREA

Delimvois

TEATRO OFICINA (Centro Cultural Vilaflor, Guimarães, Portugal) EN COPRODUCCIÓN CO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (Galicia)

23 e 24 de maio

Accións

AcciónST

Terceiro ciclo de accións nos espazos non escénicos do Salón Teatro

3, 4, 5 e 6 de xuño

Danza

Ovay

13 e 14 de xuño de 2009

QUIQUE PEÓN CÍA. EN COPRODUCCIÓN CO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO (Galicia)

Teatro

Wake up

NUT TEATRO EN COPRODUCCIÓN CO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (Galicia)

18, 19, 20 e 21 de xuño

Teatro

A piragua

ABRAPALABRA (Galicia)

25, 26, 27 e 28 de xuño

Noite Branca

Acto conmemorativo do XXV aniversario da creación do CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

4 de xullo